



terraetempo
dixital galego de pensamento nacionalista

10-05-2010

Mais Castelao tamén cobizaba tanxer as liras; era consciente de que os ecos do seu son fican na memoria dos pobos para sempre

E Castelao dixo entón: "Poesía, ti reinarás sobre todas as artes"

DIEGO PARDO AMADO



Abraiado coa poesía de Gil de Biedma, hai anos tiven nas mans o seu *Retrato del artista en 1956*, excelente mostra de ensaísmo autobiográfico do poeta de Barcelona. Naquela prosa batuxada da calor tropical das Filipinas, dos negocios familiares, das veladas impúdicas nos bares últimos da noite e dos interminábeis días de tuberculose, o poeta confesa que, cando crianza, ao escoitar uns versos de Jorge Manrique, comprendeu definitivamente o alcance da poesía.

Definiuna maxistralmente como expresión sorprendente porque incorpora algo que un xa sentira moitas veces, sen saber que só se podía dicir precisamente así. Que modo tan sinxelo e perfecto de definir algo tan absolutamente complexo!.

Por seu lado, o noso Castelao sempre afirmou non comprender a esencia da poesía e, precisamente por este motivo, sabía que o seu corazón sentía con máis ímpeto o misterio daquela arte para el inapreixábel. Porén, a ollada

fráxil e esculcadora do rianxeiro pousou nas cousas do mundo como a dun auténtico inspirado das musas. Mesmo semella as divindades térenlle susurrado ao ouvido a conveniencia de proclamar o reino da poesía sobre todas as artes poque, non en van, etimoloxicamente poesía significa creación ou enerxía creadora.

No fermoso prólogo que en 1934 escribe para o poemario *Antre dous séculos*, do amigo Xerardo Álvarez Limeses, exclama: «*Eu agardo que todo Arte chegue a ser Poesía. ¿Que son optimista de máis? ¡Ouh!, eu espero que a iauga doce dos ríos faga doce toda a iauga do mar; que a morte, enchéndose de vida, sexa vida; que a nada, enchéndose de soños, chegue a ser todo... ¡Ai, quen me dera poder decir estas cousas en verso!* ».

Como todo xenio, o intelectual galego posuía a capacidade de se abraiar e emocionar, de chegar ao miolo das cousas; e como todo patriota, era quen de sorprender a beleza nas cousas humildes da nosa terra. El mesmo declarou conmoverse coas cántigas aldeás e admirarse diante dos cadros dos artistas que aínda non sabían pintar.

Mais o destino do noso home era máis ambicioso que o reservado aos estetas ensimesmados. Como os grandes reformadores da Historia, para el o sentido do mundo estaba en transformalo, e a maneira que tivo de cumprir os seus designios foi pondo a súa arte ao servizo de Galiza.

O sentimento de pertenza a unha nación extraordinaria fixo que percibise as creacións populares como o punto de partida da necesaria renovación artística. Resultaba imprescindible inaugurar unha arte popular que desenvolvese novamente a función que lle debía corresponder. Así, Castelao declarou ser «*(...) un home que agarda un retorno do Arte ó espírito do pobo, para tomar pulo e renovarse, porque certamente o instinto popular é a única reserva con que conta a Arte para non morrer de Cencia e para que volva a cumprir a súa función social*». Asemade, condición nacional e universal debían camiñar de mans dadas nese proxecto, cuestión sobre a que reflexiona na conferencia "Arte e galeguismo" (1919), aportación fundamental no debate sobre a posibilidade de fundación dunha arte que, sen renunciar ás súas peculiaridades, conquistase a universalidade.

Xa na conferencia "Algo acerca de la caricatura" achamos algúns dos que serán trazos esenciais do Castelao maduro, certamente ligados aos aspectos que acabamos de reseñar. É natural que o autor d' *Os vellos non deben de namorarse* se sinta fortemente atraído por unha vertente tan útil á súa concepción artística. Da súa óptica, a caricatura permite tratar temas de viva actualidade e, tecnicamente, baséase na supresión de todo elemento redundante ou trivial, acadando a simplicidade que o noso autor tanto persegue e na procura dun sincretismo que non deforme ou exaxere, todo tintado do humorismo, que non comicidade, tan característico del.

Mais permítanme, aínda que sexa bruscamente, recuperar o rumo inicial destas liñas concluíndo que toda a obra de Castelao resulta fascinante e sorprendente porque é, nas súas diversas manifestacións, profundamente lírica.

Fillo dunha época e firmemente comprometido co país, decote as escollas estéticas, os formatos, como vimos, responden á capacidade destes para afectar e involucrar. Mais Castelao tamén cobizaba tanxer as liras; era consciente de que os ecos do seu son fican na memoria dos pobos para sempre e, con auténtico estro poético, procura conmoernos, quer chegar ao noso interior para arrebatarnos o noso espírito, como só as obras de arte sublimes logran, que dixeran o misterioso Lonxino.

Quen, senón un profeta verdadeiro, podería desexar e revelarnos que a Poesía está chamada a iluminar todas as artes?